

SUBSTANCIAS PURAS E MESTURAS

Unha **substancia pura** é unha substancia formada por un único tipo de materia. Exemplos: a auga, o azucre, o ferro, o sal, o diamante...



Unha **mestura** está formada por dúas ou máis substancias puras.

Tipos de mesturas:

- **Mesturas homoxéneas**: nas que non se poden distinguir a simple vista as substancias que as forman. Exemplos: a auga do mar, a auga azucrada, a auga de colonia ou a gasolina.



- **Mesturas heteroxéneas**: nas que si se distinguen os compoñentes que as forman. Exemplos: o granito, unha sopa de fideos ou unha ensalada son mesturas heteroxéneas.



1. Indica se as seguintes afirmacións son verdadeiras (V) ou falsas (F):

Nas substancias puras distínguense os compoñentes.

As mesturas poden ser substancias puras ou mesturas heteroxéneas.

Nas mesturas heteroxéneas os compoñentes distínguense a simple vista.

A auga de mar é unha substancia pura.

Ao mesturar dúas ou máis substancias puras obtense unha mestura.

Se mesturamos calquera líquido con auga obtemos unha mestura homoxénea.

2. Fíxate e selecciona se é unha mestura homoxénea ou heteroxénea.



Area de praia



Leite e azucre



Auga e aceite



Auga e sal